




Dossier

AVELAÍÑAS ELÉCTRICAS




Ficha técnica

Avelaiñas eléctricas
Sica Romero

Depósito legal: C-690-2022
ISBN: 978-84-125536-04

Formato: 14x21 cm
tapa semiblanda c/solapa

PVP. 20€



A autora



Sica Romero

A experiencia persoal e laboral de Sica Romero estivo sempre ligada á literatura e á arte.

Afeccionada aos libros dende ben pequena gradúase en Historia da Arte (2018) e despois cursa dous mestrados: en "Xestión de Patrimonio, Museos e Mercados" (2019), e en "Formación de profesorado, Especialidade Xeografía e Historia" (2021). Compaxinou seus estudos con traballos en distintos eidos: bibliotecaria, auxiliar de sala en museos, guía de exposicións, correctora ortotipográfica e investigadora para a edición de libros.

Avelaiñas eléctricas é a súa primeira novela e promete que non será a última xa que non ten pensado abandonar este novo camiño que comezou. Cun estilo propio pero influenciado por escritoras (ás que lles fixo un oco nas estanterías da súa casa), preséntanos a historia de dúas rapazas que rematada a carreira universitaria, intentan fuxir dos seus lobos, das súas sombras.

Peritexto

Cóidate e come. Non che importa que o avó cho digha e, de feito, esperas sempre esa frase tan del. Porque Papá Mighel e Mamá Rosalía muito che cuidaron. E mentres eles comían peixe, a ti fasíanche espaghetti con carne e salsa de tomate. Salsa de tomate feita con tomates, non salsa de tomate xa mercada en tarro de cristal. E disíanche Coome, Oliviña, que estás nos ósos. E estando con eles ata deixaches de estar nos ósos, porque estabas ben, estabas felís a pesar de todo. Dispois, ó volver á casa da nai, xa non podías meter nada dentro, outra ves. Xa non había os Come, Oliviña, que estás nos ósos! Daquela, eras ti a que coidaba de que Laura comese e ata de que túa nai comese.

Claves do libro

- O estilo de Sica Romero é rápido, fluído, e encaixa perfectamente coas novas liñas editoriais ‘máis visuais’ e poéticas que podemos atopar actualmente no mercado do libro. Visual, porque mentres lemos a súa novela creamos esa imaxe na nosa cabeza; e poética, porque aínda que os versos non representen máis que unha vixésima parte da obra, resonan ó longo de toda a prosa.
- A obra trata con delicadeza e agarimo os distintos temas universais e ancestrais, como son: a violencia, o amor, a amizade, a responsabilidade, a ética, o sexo/a sexualidade, a discriminación, a diferenza, as drogas/as adiccións, etc. Temas presentes tamén nos poemas de Rosalía de Castro que introducen cada un dos capítulos de Avelaiñas eléctricas. Polo tanto, a novela que publicamos pode empregarse como ferramenta pedagóxica e de reflexión para a propia lectora e/ou como ferramenta para iniciar debates en calquera ámbito social.
- Sica tamén inclúe numerosas referencias artísticas dun xeito natural ó longo de toda a novela: Marina Abramovic, Matisse ou Egon Schiele no ámbito da Arte; os filmes de Godard, no ámbito cinematográfico, e no literario con obras como a de J. D. Salinger, O guardián entre o centeo.
- O feito de que estea escrita, en parte, coas diferenzas dialectais convida á lectora a pensar no poder da lingua, no poder de determinadas palabras que non son traducibles... ou si? Por iso tamén é unha ferramenta para aprender da diversidade da lingua, aprender os significados e a orixe das palabras, a importancia de saber chamarlle a cada cousa polo seu nome.
- Esta primeira obra publicada por Nêspira é a nosa carta de presentación, é o resultado dun tratamento coidado e meticuloso de todos os elementos que a compoñen: desde os máis visuais, como poden ser o deseño da cuberta, a imaxe, as tipografías e as cores; ata os relacionados co contido e co estilo literario: combinación poesía/prosa, peritextos, biografía, puntuación e diferenzas dialectais. O resultado é unha novela harmónica.

A editora

nêsp^{er}a
editora

nêsp^{er}a editora é un proxecto independente con sede en Ames, creado no ano 2022.

Nace coa idea de publicar obras orixinais en galego, coidadas e traballadas tanto en contido como en forma, independentemente do seu xénero, do seu tema, e da idade e tipo de lectora á que se dirixen.

Pero nêsp^{er}a nace non só como unha editora que fai libros, senón tamén como un axente cultural e social dentro da nosa contorna.

Ademáis, outro pilar fundamental da operativa de nêsp^{er}a editora é a oferta dos seus servizos editoriais a outras editoras ou ás propias autoras que precisen dunha infraestrutura e orientación coa que non contan para poder publicar de modo profesional.

nespera
e d i t o r a

604 030 847 | ola@nespera.gal www.nespera.gal